

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

29751 (10/PNC-002379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a apertura polo Goberno galego dun proceso de diálogo con todos os axentes do sector do teatro co fin de abordar o futuro do Centro Dramático Galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

Punto 2. Preguntas

2.1

21815 (10/POC-003482)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre os piares nos que fundamenta o Goberno galego verbo das políticas de apoio á literatura galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

2.2

26961 (10/POC-004376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da demora rexistrada na recepción polo alumnado do material necesario para o desenvolvemento do proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) no curso 2017-2018, a súa opinión en relación coa incidencia da súa aplicación práctica no fomento da confianza da comunidade educativa nese proxecto e o número de centros que renunciaron á súa participación nel dende a súa posta en marcha no curso 2014-2015, así como as medidas previstas para incrementar a súa participación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

2.3

29948 (10/POC-004767)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da concesión de títulos nobiliarios a herdeiros de persoas relacionadas co franquismo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018

- 2.4 30022 (10/POC-004777)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luís Manuel
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa situación e a actividade do Centro Dramático Galego, as razóns da realización da produción "Divinas Palabras " por unha empresa privada e as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación na xestión dese centro, así como a apertura dunha mesa de diálogo cos representantes de todos os sectores teatrais para adoptar as medidas necesarias co fin de impulsalo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018
- 2.5 30366 (10/POC-004818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018
- 2.6 30453 (10/POC-004830)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o procedemento seguido polo Goberno galego para comunicarlles ás universidades a súa intención de conxelar as taxas universitarias e de reducir o prezo das matrículas dos mestrados, a avaliación das súas repercusións para elas e as súas previsións respecto da compensación das carencias orzamentarias que veñen padecendo desde o inicio da crise, así como a data de inicio das conversas para na egociación do novo plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 16/05/2018 13:36:59